

004427 11 DE 2010 13.40

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 8 DE XUÑO DE 2010 SOBRE EXENCIÓN DA ACREDITACIÓN DO NIVEL B1 NOS ESTUDOS DE GRAO E NO MASTER QUE HABILITA PARA O EXERCICIO DAS PROFESÍONS DE PROFESOR DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHERELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS DE IDIOMAS

O Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 4 de xullo de 2008, estableceu os requisitos para a acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira para a obtención do título de grao por esta Universidade.

No anexo II sobre a acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira establece que os alumnos e alumnas que finalicen un grao que inclúa un maior ou un menor dunha lingua estranxeira terán automaticamente validado este coñecemento, non sendo necesario acreditarlo.

Os titulados de plans anteriores das Licenciaturas en Filoloxía, Tradución e Interpretacións e aos Mestres en Lingua Estranxeira cursados por plans anteriores ao Real Decreto 1393/2007 teñen as mesmas competencias polo que é necesario establecer unha equiparación destes estudos e polo tanto da exención na acreditación da lingua estranxeira.

Ademais, a Comisión Xeral de Validacións e Recoñecementos da USC acordou propoñer o recoñecemento do nivel B1 dunha lingua estranxeira aos titulados en Filoloxía e Mestre especialidade en Lingua Estranxeira, así como cando se teñan superadas materias de linguas estranxeiras noutras titulacións sempre que proporcionen competencias lingüísticas instrumentais e o número mínimo de créditos da totalidade das materias estea entre 27 e 30 créditos. Neste senso con data de 9 de xuño de 2010 o Centro de Linguas Modernas informou favorablemente o recoñecemento de determinadas materias da titulación de Humanidades da USC.

Por outra banda, na Orde Ministerial ECI/3858/2007, do 27 de decembro de 2007 (BOE do 29 de decembro) polo que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesíons de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas, modificada pola Orde Ministerial EDU/3424/2009 de 11 de decembro de 2009 (BOE do 21 de decembro), establece que para obter este Máster deberá acreditarse o dominio dunha lingua estranxeira equivalente ao nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, polo que cómpre ampliar as normas contidas neste anexo sobre a acreditación do nivel B1 a estes estudos.

Polo anteriormente exposto, este Reitorado Resolve:

**PRIMEIRO.-** Estarán exentos de acreditar o coñecemento dunha lingua estranxeira os Licenciados e Licenciadas en Filoloxía, que inclúan o estudo dunha lingua estranxeira como materia obrigatoria para obter a titulación, os Mestres en Lingua Estranxeira e os alumnos de Humanidades da USC que teñan superados os contidos das materias Primeira Lingua Estranxeira: Francés I, Primeira Lingua Estranxeira: Francés II e Literatura da Primeira Lingua Estranxeira I: Francés ou Primeira Lingua Estranxeira: Inglés I (código 951105), Primeira Lingua Estranxeira: Inglés II (código 951212) e


Literatura da Primeira Lingua Estranxeira I: Inglés (código 951306), así como os que teñan superadas materias dunha lingua estranxeira noutras titulacións, sempre que proporcionen competencias lingüísticas instrumentais e o número mínimo de créditos da totalidade destas materias dunha mesma lingua sexa de 27 créditos, computándose, para estes efectos, unicamente as materias propias desa titulación.

Non se recoñecerán as competencias lingüísticas do nivel B1 polos idiomas técnicos que se imparten en diversas titulacións. Os demais alumnos deberán acreditar o coñecemento dunha lingua estranxeira polo procedemento regulado neste anexo."

O recoñecemento solicitarase a instancia de parte perante a Unidade de Xestión Académica correspondente, aportando a documentación acreditativa dos estudos cursados e superados e seguirase o procedemento establecido na resolución reitoral do 5 de maio de 2009. No caso de dúbida solicitarase informe ao Centro de Linguas Modernas.

**SEGUNDO.-** As normas para a acreditación do nivel B1 dunha lingua estranxeira establecidas no anexo do Acordo do Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 4 de xullo de 2008, na resolución reitoral do 5 de maio de 2009 e na presente resolución reitoral tamén serán de aplicación aos alumnos do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas"

Santiago de Compostela, 10/06/10



O Reitor

Senén Barro Ameneiro

